

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 20 DE ABRIL DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte de abril de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Zoom, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 13 de abril de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- R. P. 15.021/2021, do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións do programa DP0029, dirixido a concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo, ano 2021. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto "gastos de persoal oficina de turismo, cun importe de subvención de 13.266,39 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 72, do 20 de abril de 2021).

3º. Expedientes de contratación

3.1.- Proposta de devolución de garantía por acopios de materiais e maquinaria á empresa Canarga, S.L. adxudicataria da obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre, Lote 1". Expediente 2018/C003/000017

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 08 de maio de 2019, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Canarga, S.L.* para a obra “*Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre, Lote 1*” Expediente 2018/C003/000017

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía por acopios de materiais e maquinaria prestada mediante aval número 381.186 de data 11/12/2019, depositado na Tesourería municipal con data 16/12/2019 por importe de 190.829,19 euros e con núm. de rexistro 920 para garantir a execución do contrato.

Visto que actualmente se han realizado, en las correspondientes certificaciones , las deducciones para el reintegro de los abonos a cuenta precibidos, sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo arquitecto municipal , con data do 01 de setembro de 2020.

Visto o informe de fiscalización número NUM 103/2021 emitido pola Intervención Municipal con data do 12 de abril de 2021.

A teor do establecido na cláusula 30.4.4 do Prego de Cláusulas Administrativas que rexeron para a contratación da obra e artigo 157.2 do RD 1098/2001 do 12 de outubro que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das AAPP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a *garantía* por acopios de materiais e maquinaria, depositada pola entidade *Canarga, S.L.* con CIF B1536.... e con enderezo en el Paleo, s/n, 15175 Carral, A Coruña no expediente número 2018/C003/000017 para a obra “*Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre, Lote 1*”

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 9 ao 15 de abril do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 463/2021/2021 e remata coa resolución da alcaldía número 502/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
463/2021	09-04-2021	Licenza de primeira ocupación para a vivenda situada en San Lorenzo, Cambre. Solicitante: FJVY
464/2021	09-04-2021	Reposición legalidade urbanística pola non ter reparado o pavimento da beirrarúa en Isaac Peral, polígono Espiritu Santo (Cecebre) requisito esixido na licenza municipal de canalización concedida por resolución do concelleiro de data 21 de decembro de 2020. Propiedade: Tde E SAU
465/2021	09-04-2021	Expediente sancionador por realización de actividade de hostelería sen licenza en Pazo de Brexo, Cambre. Propiedade: CJ, SL
466/2021	09-04-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de abril de 2021
467/2021	09-04-2021	Solicitude subvención ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, para o ano 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade
468/2021	09-04-2021	Expediente de orde de execución para a limpeza de maleza e retirada de residuos existentes en finca sita en O Temple ao lado da estrada N-VI, denominada "Casas Bailly". Propiedade: F, SL.
469/2021	09-04-2021	Orde de execución polo estado deficiente da parcela sita en Travesía Igrexa, parroquia do Temple, pola cota de desnivel respecto ao camiño público, pola existencia dun pozo prefabricado de formigón moi próximo ao camiño, e pola edificación existente sen elementos de protección no lateral, cun grave perigo para a circulación tanto rodada como peonil. Propiedade: Hdros de JFR e hdros de JGG
470/2021	09-04-2021	Convocatoria e bases para a provisión por libre designación do posto de Inspector-Xefe da Policía Local
471/2021	09-04-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
472/2021	09-04-2021	Informe de Intervención OFP 2/2021-Omisión de fiscalización, relativo ao acordo de prórroga do contrato do Servizo consistente na conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Nadal e outros.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Expediente 2017/C004/000004
473/2021	09-04-2021	Non conceder a prorroga ao réxime de teletraballo que tiña autorizado por resolución municipal nº 603/2018. Solicitante: IFD
474/2021	10-04-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por atoparse en período de suspensión. Solicitante: MVJ
475/2021	10-04-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por non quedar xustificada a situación de necesidade. Solicitante: DCM
476/2021	12-04-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 88.770,80 euros
477/2021	12-04-2021	Conceder a axuda de emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ACDO
478/2021	12-04-2021	Conceder a axuda de emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MM
479/2021	12-04-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: LRB
480/2021	12-04-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por atoparse en período de suspensión. Solicitante: AMPTP
481/2021	12-04-2021	Declaración de ruína da edificación situada en Aián, Sigrás. Propietario: RFM
482/2021	12-04-2021	Aprobación de despesas do IVE repercutido polo autoconsumo municipal de auga e o canon de saneamento do primer trimestre do ano 2021
483/2021	12-04-2021	Contrato menor Obra de instalación dun circuío físico-deportivo (calistenia) anexo ao campo de fútbol Dani Mallo e realización de reparacións puntuais no pavimento da pista de skate contigua
484/2021	12-04-2021	Contestación á solicitude efectuada pola Asociación de Veciños O Gaiteriro de Sigrás respecto da titularidade dun terreo sito nos Campóns, Sigrás
486/2021	12-04-2021	Contrato menor mediante o sistema de vale pedido para a prestación de levantamentos topográficos para a redacción de proxectos da área de Urbanismo
485/2021	13-04-2021	Reposición legalidade urbanística pola cubrición da terraza no patio de luces da planta primeira da vivenda sita en Otero Pedraio, O Temple. Propiedade: FJLP e MCSN
487/2021	13-04-2021	Orde de execución por vertidos de augas non residuais á estrada DP0102, no lugar de Nebrix, parroquia de Bribes. Propiedade: herdeiros de CPB
488/2021	13-04-2021	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en nave industrial sita na Xira, Sigrás sen axustarse á comunicación previa presentada. Propiedade: Almacenes J. S
489/2021	13-04-2021	Delegar no concelleiro don Juan González Leirós para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de KKR e JRB
492/2021	13-04-2021	Delegar no concelleiro don Diego Alcantarilla Rei para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de JCR e NSP
490/2021	14-04-2021	Expedientes sancionadors de tráfico
491/2021	14-04-2021	Conceder a licenza para segregar da finca sita na Estrada Cambre-



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Temple, Cambre, de 1.118 m ² , unha parcela de 259 m ² para ceder a este concello co fin de contar con espazo suficiente para realizar correctamente a parada de autobuses e poder facilitar unha boa prestación dos servizos públicos, en concreto o do transporte público na estrada provincial de Cambre ao Temple. Solicitante: SGC
493/2021	14-04-2021	Declaración de ruína de edificación sita na Xira, 24-B, Sigrás. Propiedade: herdeiros de JCV
494/2021	14-04-2021	Orde de execución polo estado dos muros de peche da parcela que lindan cos camiños públicos municipais no lugar de Sobrecarreira, parroquia de Sigrás. Titular: FJE de la M
495/2021	14-04-2021	Orde de execución polo estado dos muros de peche da parcela que linda con camiño público municipal 1C 10131. en Sobrecarreira cemiterio parroquial de Sigrás. Propiedade de Arcebispado de Sde C
496/2021	14-04-2021	Aprobar a lista definitiva concurso-oposición conserxes interinos
497/2021	15-04-2021	Aprobar a liquidación do IRPF de persoal do mes de marzo de 2021 e de profesionais e alugueres do primeiro trimestre de 2021 e o seu pagamento
498/2021	15-04-2021	Denuncia estado de ruína da edificación situada en Altamira, Anceis, existencia de árbores que ameazan á súa propiedade. Propietarios: Herdeiros de MGA
499/2021	15-04-2021	Pagamento produtividade primeiro trimestre 2021
500/2021	15-04-2021	Conceder a axuda aluguer por importe total de 920 euros. Solicitante: MACD
501/2021	15-04-2021	Conceder a axuda aluguer por importe total de 400 euros. Solicitante: NCL
502/2021	15-04-2021	Aprobar a liquidación do IVE do primeiro trimestre de 2021 e o seu pagamento

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000002, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, correspondente ao servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre
- Proposta de adxudicación da Actualización do catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, cos fondos existentes nas Bibliotecas Municipais de Cambre (Exp. 2020/C004/000032)
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000007, por procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo) correspondente ao "Montaxe do evento Open Science Cambre do programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga ao 202"

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000002, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, correspondente ao servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 12 de abril de 2021, elaborouse polo enxeñeiro técnico industrial municipal, coa conformidade do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal –xefe da Sección de Servizos, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, para a contratación do servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre, cun valor estimado de 138.800,00 euros e un orzamento base de licitación de 76.340,00 euros.

Con data 16 de abril de 2021, asínase polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal –xefe da Sección de Servizos, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, detección de ofertas anormalmente baixas, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución do contrato, elaborándose na mesma data o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo.

Consta Informe de Intervención asinado o 26 de marzo de 2021 polo Interventor da Corporación, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 454.21000

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159 da LCSP.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais, de data 18 de abril de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se persegue a eliminación e limpeza dos restos de herba, maleza ou elementos arbustivos necesarios para manter as marxes das estradas, camiños e fincas municipais ordinarias e afectas pola celebración de eventos municipais, e cumprir co establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, así como na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ademais da ordenanza municipal de limpeza viaria, que establecen obrigacións relativas ao mantemento das fincas, estradas e camiños municipais libres de malezas, de tal forma que permita a súa funcionalidade e ornato para o fin descrito, ademais de cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartados b) e d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (“o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “b) Medio ambiente urbano....d) Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade...f) ... prevención e extinción de incendios”), sendo a prevención e extinción de incendios un servizo mínimo obrigatorio nos concellos con poboación superior a 20.000 habitantes, segundo art. 26.1.a) da Lei 7/85, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto

e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C004/000002, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre
- Orzamento base de licitación: 76.340,00 euros
- Valor estimado: 138.800,00 €
- Duración: O contrato executarase durante a anualidade 2021, podendo prorrogarse á anualidade 2022, logo do acordo do órgano de contratación adoptado no prazo máximo de tres meses a partir da data en que se efectúe o acto formal facendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos os traballos correspondentes ao ano 2021

isto a teor do establecido nos artigos 131, 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 454.21000, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais:

- A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa
- O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa
- A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe e, como suplente, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito

Secretaria:

A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López

Quinto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

Sexto : Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adxudicación do servizo de “Actualización do catálogo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia cos fondos existentes nas bibliotecas municipais de Cambre”, a prol do licitador NORMADAT, S.A., no prezo total ofertado de 15.263,07 euros sen IVE, 18.468,31 euros IVE incluído. Expte.: 2020/C004/000032

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000032 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación: factor prezo), do servizo de “Actualización do catálogo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia cos fondos existentes nas bibliotecas municipais de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 19.086,68 euros sen IVE, 23.094,88 euros IVE incluído.

Vista a valoración das ofertas presentadas, consonte ao único criterio contemplado na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa) e que consta na Acta do órgano de asistencia de data 9 de marzo de 2021, así como a proposta de adxudicación efectuada polo órgano de asistencia segundo Acta do día 9 de marzo de 2021, ratificada con data 29 de marzo de 2021, a prol do licitador “NORMADAT, S.A.” no prezo total ofertado de 15.263,07 euros sen IVE, 18.468,31 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación (oferta económica) que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, isto segundo o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal con data 24 de marzo 2021, ratificado polo órgano de asistencia constituído no presente procedemento en sesión celebrada o día 29 de marzo actual.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida..

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 15 de abril de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 108/2021 emitido polo interventor municipal con data do 17 de abril de 2021.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade coa proposta formulada con data 9 de marzo de 2021 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos **C, Subtitulados “Declaración responsable e oferta económica”** coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente tendo aportado a declaración responsable e a proposición, conforme ás condicións e requisitos establecidos na Cláusula 14 e Anexos II e III do PCAP:

- Cabezudo Gestión Documental, S.L.
- Códice Gestión de la Información, S.L.
- Normadat S.A.
- Pandora Gestión Documental, S.L.

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data 9 de marzo de 2021 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, e tendo en conta a cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II do referido Prego no seu apartado nº 10, (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, en relación coa Disposición transitoria Tercera da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no procedemento aberto simplificado nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación das ofertas, obriga legal respecto da que non cabe decisión ningunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Junta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 de 3 de setembro, acórdase **excluir a oferta presentada pola entidade “Sobiga, S.L.”** ao non atoparse, na data final de presentación de ofertas (23 de febreiro de 2021) inscritos en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obligatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atopándose dita obriga expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

Terceiro: Aprobar, de acordo coa proposta do órgano de asistencia que consta no informe de apertura e valoración de ofertas de data 9 de marzo de 2021, a seguinte valoración das proposicións presentadas polos catro licitadores admitidos no procedemento na súa correspondente orde decrecente, conforme ao criterio cuantificable automaticamente establecido na cláusula 12, así como o límite para o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, que queda establecido naquelas inferiores ao prezo anual de **18.491,44 euros** :

• Empresa	• Puntos
• Normadat, S.A.	• 100
• Pandora Gestión Documental, S.L	• 95,93
• Cabezudo Gestion Documental S.L.	• 85,03
• Códice Gestión de la Información, S.L.	• 80,78

Cuarto: Tendo en conta os acordos que constan na Acta do órgano de asistencia de data 29 de marzo de 2021, declarar que a empresa "Normadat, S.A." xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, iso de conformidade co establecido na cláusula 15.2.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares, ao achegar documentación acreditativa dos prezos ofertados en función dos medios con que conta o licitador e dos gastos imputados ao contrato, iso tendo en conta o informe emitido polo coordinador da área de Deportes, Cultura e Educación municipal en data 24 de marzo de 2021, do cal deriva que a empresa cumpre con todos os requisitos para que a súa oferta poida ser aceptada, xustificando adecuadamente a mesma.

Quinto: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 9 de marzo de 2021, posteriormente ratificada o día 29 de marzo de 2021, adjudicar o expediente núm. 2020/ C004/000032, para Actualización do catálogo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia cos fondos existentes nas bibliotecas municipais de Cambre, a favor da empresa "Normadat, S.A.", no prezo total ofertado de 15.263,07 euros sen IVE , 18.468,31 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adjudicación establecido na cláusula 12 do PCAP, (factor prezo), xustificando debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Sexto: De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adjudicatario do acordo de adjudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Unha vez adjudicado o contrato, tres días antes do inicio da execución do servizo, o adjudicatario deberá remitir ao Departamento de Contratación, a través da sede electrónica do Concello de Cambre , a documentación contemplada na cláusula 16.1.11 do Prego de cláusulas administrativas Particulares referida ao persoal destinado á execución do contrato, que será obxecto de comprobación e informe polo responsable do contrato.

Sétimo: Nomear como responsable do contrato ao coordinador da área de Deportes, Cultura e Educación municipal de conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000007, por procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo) correspondente ao “Montaxe do evento Open Science Cambre do programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga ao 202”

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 10 de abril de 2021, elaborouse polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios e xustificación da elección do procedemento, para a contratación da Montaxe do evento “Open Science Cambre” do programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga ao 2023.

Nesa mesma data do 10 de abril de 2021, asíñase polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude municipal o prego de prescricións técnicas para a contratación da Montaxe do evento “Open Science Cambre” do programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga ao 2023, cun valor estimado de 177.527,13 euros e un orzamento base de licitación de 128.869,66 euros, IVA incluído .

Con data do 12 de abril de 2021, asíñase polo coordinador da área, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, o informe técnico relativo aos criterios de valoración , solvencia esixible aos licitadores, réxime de penalidades e sancións, e condicións especiais de execución do contrato .

Consta documento de retención de crédito emitido pola de Intervención municipal con data do 17 de marzo de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 337.22610.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos, Humanos, de data 14 de abril de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto , de conformidade co establecido no artigo 156 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da Secretaría xeral da Corporación de data 16 de abril de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar. Visto o informe emitido pola Intervención municipal de data 18 de abril de 2021.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da

Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias que ten atribuídas o concello, en materia de ocupación do tempo libre e promoción da cultura, (art. 25.2 apartados l) e m) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), así como na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Mocidade de Galicia, co que se persegue contratar os servizos e subministracións necesarios para a Feira de ciencia, (carpas, instalación eléctrica temporal necesaria, serigrafía e sinalización, megafonía, son, actividades científicas, vixilancia nocturna, memoria técnica, comida e manutención), todo iso co obxectivo de educar aos seus usuarios en valores cívicos para converter aos mozos e mozas nunha peza fundamental dentro da súa comunidade, e utilizando o lecer como unha útil ferramenta para conseguir os devanditos obxectivos, a través de programas e actividades encamiñados a converter aos mozos no soporte do futuro. Un destes programas é TDI (Todos Deben Involucrarse), que apoia as iniciativas xuvenís, ofrecéndolles a axuda necesaria para poder celebrar eventos de interese xuvenil que estean protagonizados polos propios mozos e mozas, buscando favorecer a participación, o espertar da curiosidade científica, a dinamización da comunidade na que viven ou fomentar estilos de vida saudables, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C005/000007, por procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Contrato Mixto de subministracións e servizos correspondente á Montaxe do evento "Open Science Cambre" do programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre
- Lotes
 - Lote 1: Carpas y complementos
 - Lote 2: Instalación eléctrica temporal
 - Lote 3: Serigrafía e sinalización
 - Lote 4: Megafonía, son
 - Lote 5: Espectáculos actividades científicas
 - Lote 6: Vixilancia nocturna
 - Lote 7: Memoria técnica
 - Lote 8: Manutención, comida
- Orzamento base de licitación: 128.869,66 euros, IVA incluído
- Valor estimado: 177.527,13 euros
- Duración: Anualidades 2021 y 2022, con posibilidade de prórroga ao ano 2023

isto a teor do establecido nos artigos 131, 156 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 337.22610, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:



Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

A dinamizadora cultural, dona Pilar Paz Delgado, e, como suplente, ao coordinador da Área de Actividades culturais e educativas, don José Luís Martínez Názara

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Quinto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia